

Os nenos e o bosque

Había unha vez dous nenos que estaban no bosque xogando. Ían atopando animais polo camiño cada vez que avanzaban.

O primeiro animal era un cervo. Parouse con eles e dixolles: seguides polo camiño da dereita e encontraredes o pai dos rebolos....

Despois de uns cantos metros, atoparon a un raposo que lles dixo: se seguides polo camiño da esquerda veredes unha poza cunha auga da máis rica do lugar.

Despois de outros cantos kilometros encontraron a un moucho, e lles dixo: ide polo camiño do medio e veredes unha mazaira donde poderedes tomar unha mazá das mais ricas.

Seguindo polo medio, viron a un raposo que lles dixo: seguides polo camiño da esquerda e encontraredes unha árbore con un tronco tan grande que non poderedes nin abrazala....

Logo atoparon detrás de eles un lobo que lles dixo que seguiran o camiño da dereita e encontrarían un tesouro.

De alí a uns cantos kilometros, encontraron un cofre. Era ben bonito...

As fechaduras eran de ouro e tiñan a curiosidade de que había aí dentro.

Os dous nenos abriron o cofre, as súas dúas fechaduras, con unha chave que viron detrás dun arbusto.

Dentro do cofre había un mapa que tiña debuxadas todas as cidades, vilas e pobos, e un mapa do tesouro que levaba a unha illa que ninguén nunca coñecera.

Volveron todos contentos a casa, descansaron un pouco despois de tanto camiñar, planeando que ó día seguinte irían con as súas bicis para ir a buscar a illa descoñecida.... E así fixeron....

A illa era unha sabana, na que había un macaco, unha xirafa e unha panteira.

Os dous nenos decidiron facer unha cova para que cuando fixera frío o macaco, a panteira e a xirafa se puideran resguardar para pasar a noite.

Os tres animais axudaron aos nenos a buscar o tesouro, que estaba no cima dunha árbore que deu con el o macaco.

Dentro de ese tesouro había un libro de mil páxinas de Carbalho Calero titulado Anxos da Terra.

Era un libro de poesía que lle contaron á xirafa, ó macaco e á panteira.
Despedironse dos seus novos amigos decíndolles que volverían a visitalos.
Quando voltaron a casa leronllo aos seus pais que lles gustaba moito a poesía.
Colorín colorado, este conto está rematado....
Quen non levante o cú, quedará pegado....



MARTINHO VILELA SALGADO